

Convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e varias empresas para a implantación dun sistema de formación profesional dual polo réxime de bolsas.

Santiago de Compostela, vinte e oito de maio de dous mil dezaioito

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, en representación desta consellería e de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, don _____, en nome e representación da sociedade Exlabesa building systems, S.A.U., segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo ____.

Doutra, don _____, en nome e representación da empresa Gama e Hijos, S.L., segundo consta no poder outorgado ante a notaria dona _____, con data _____ e número de protocolo ____.

Doutra, don _____, en nome e representación da empresa Sistemas Técnicos del Accesorio y Componentes, S.L, en calidade de conselleiro delegado, segundo consta na escritura pública outorgada ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo ____.

Doutra, don _____, en nome e representación da empresa Talleres ODL de Carpintería Metálica, S.L., segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo ____.

Doutra, don _____, en nome e representación da empresa Maimbar XXI, S.L., segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra, don _____, en nome e representación da empresa Fundivisa, S.A., segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra, don _____, en nome e representación da empresa Tune Eureka, S.A., segundo consta no poder outorgado ante a notaria dona _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Doutra, dona _____, en nome e representación da empresa Curvados Anros, S.L., segundo consta no poder outorgado ante o notario _____, con data _____ e número de protocolo _____.

E doutra, don _____, en nome e representación da empresa Alfogar, S.L. segundo consta no poder outorgado ante o notario don _____, con data _____ e número de protocolo _____.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir, en nome das entidades que representan, teñen conferidas,

EXPOÑEN

1º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 39 que a formación profesional no sistema educativo ten por finalidade preparar o alumnado para a actividade nun campo profesional e facilitar a súa adaptación ás modificacións laborais que se poden producir ao longo da súa vida, contribuír ao seu desenvolvemento persoal e ao exercicio dunha cidadanía democrática, e permitir a súa progresión no sistema educativo e no sistema de formación profesional para o emprego, así como a aprendizaxe ao longo da vida.

2º. Que a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no artigo 42 bis que a formación profesional dual do sistema educativo español é o conxunto de accións e iniciativas

formativas que, en corresponsabilidade coas empresas, teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, harmonizando os procesos de ensino e aprendizaxe entre os centros educativos e os centros de traballo.

3º. Que a Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, especifica nos artigos 6 e 11.3 que a colaboración das empresas no desenvolvemento do Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional se desenvolverá, entre outros ámbitos, mediante a súa participación na formación do alumnado nos centros de traballo, favorecendo a realización de prácticas profesionais dos alumnos e das alumnas nas empresas e noutras entidades, e deberán establecerse os mecanismos axeitados para que a formación que reciba financiamento público poida ofrecerse por centros ou directamente polas empresas, mediante concertos, convenios, subvencións ou outros procedementos.

4º. Que a disposición adicional segunda do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, determina que a consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración coas empresas e entidades empresariais e, en particular, coas máis implicadas en sectores clave da economía galega e as relacionadas cos sectores emerxentes. Esta colaboración ten como finalidade, entre outras, a posibilidade de impartir módulos profesionais incluídos en títulos de formación profesional nas instalacións das empresas, co fin de garantir que a formación se realice cos equipamentos máis actuais, así como a actualización profesional. Esta colaboración formalizarase mediante convenio.

5º. Que o Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, pretende crear as bases para a implantación progresiva da formación profesional dual en España, entendida como o conxunto de accións e iniciativas formativas que teñen por obxecto a cualificación profesional das persoas, combinando os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro de formación, propiciando unha participación máis activa da empresa no propio proceso formativo do alumnado e, daquela, permitir que estas coñezan de xeito máis próximo a formación que reciben, cada vez máis adaptada ás demandas dos sectores produtivos e ás necesidades específicas das empresas. Neste sentido, as empresas e o centro de formación profesional estreitan os seus vínculos, unen esforzos e favorecen unha maior inserción do alumnado no mundo laboral durante o período de formación.

Así mesmo, establece que terán a consideración de formación profesional dual os proxectos desenvolvidos no ámbito do sistema educativo, coa coparticipación dos centros educativos e das

empresas, cando non medie un contrato para a formación e a aprendizaxe. Estes proxectos formalizaranse a través dun convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas colaboradoras.

6º. Que as empresas Exlabesa building systems, S.A.U.; Gama e Hijos, S.L.; Sistemas Técnicos de Accesorio y Componentes, S.L; Talleres ODL de Carpintería Metálica, S.L.; Maimbar XXI, S.L.; Fundivisa, S.A.; Tune Eureka, S.A.; Curvados Anros, S.L. e Alfogar, S.L, en adiante “as empresas asinantes”, están dispostas a participar no proxecto de implantación da formación profesional dual en Galicia, acolléndose á modalidade regulada no artigo 3.1, alínea b), do Real decreto 1529/2012, na que as empresas facilitan aos centros de formación os espazos, as instalacións ou as persoas expertas para impartir total ou parcialmente determinados módulos profesionais ou módulos formativos.

O alumnado participante será beneficiario de bolsas, non terá en ningún caso vinculación laboral coas empresas e non poderá establecerse entre estas e aquel ningunha relación contractual, nin sequera baixo as modalidades de contrato en prácticas ou para a formación, previsto no artigo 11 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, polo que o alumnado acollido a este réxime de bolsas queda absolutamente excluído da lexislación laboral.

7º. Que o obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as empresas asinantes para a implantación dun proxecto experimental de formación profesional dual na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta formación profesional dual combinará os procesos de ensino e aprendizaxe nas instalacións das empresas asinantes e no centro educativo IES de Valga.

En consecuencia, estes organismos acordan subscribir este convenio, con base nas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Este proxecto de formación profesional dual ten carácter experimental e ten as seguintes características:

- a. Este proxecto toma como referencia un currículo oficial implantado na Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso concreto o establecido no Decreto 46/2010, do 11 de marzo,

polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Soldadura e Caldeiraría.

- b. Terá como duración desde 15 de setembro de 2018 ata o 31 de agosto de 2020.
- c. A formación impartirase de xeito compartido entre o centro educativo e as empresas asinantes, garantindo a adquisición dos resultados de aprendizaxe establecidos no currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en soldadura e caldeiraría.
- d. Ademais, atendendo ás características da empresa, o primeiro ano de vixencia destes proxectos dedicarse ata un 10 % do tempo de estadía do alumnado na empresa á formación complementaria á establecida nos currículos dos ciclos formativos correspondentes, para reforzar a formación do alumnado e mellorar a súa empregabilidade. No segundo ano, esta porcentaxe será de ata o 5 %.

Segunda. As concrecións deste proxecto experimental de formación profesional dual para o ciclo formativo de Soldadura e Caldeiraría (distribución da formación curricular do ciclo formativo e temporalización dos módulos profesionais) están recollidas no anexo deste convenio.

Terceira. As empresas asinantes comprométense a acoller nas súas instalacións un número mínimo de 13 alumnas e alumnos para este proxecto experimental de formación profesional dual, coa distribución de prazas do anexo. Este alumnado deberá cumprir os requisitos de admisión establecidos na orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que autorice este proxecto experimental de formación profesional dual.

As empresas asinantes colaborarán coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria na selección do alumnado solicitante que cumpra os requisitos de admisión. Para tal fin, poderán realizarse entrevistas psicoprofesionais que permitan identificar a idoneidade dos/das candidatos/as en relación co perfil profesional que adquirirá o alumnado na empresa ao longo do proxecto. As empresas comunicarán ao alumnado os criterios e os procedementos utilizados na selección con anterioridade á súa realización.

Estas actuacións serán realizadas por persoal das empresas xunto cunha persoa representante do centro educativo, de xeito que a selección garanta cubrir o número mínimo de prazas que as empresas se comprometen a acoller nas súas instalacións.

Cuarta. As empresas asinantes comprométense a financiar o proxecto de formación regulado neste convenio, mediante o establecemento dun sistema de bolsas dirixido ao alumnado participante.

Este réxime de bolsas estará suxeito ás seguintes especificidades:

- a. As empresas asinantes achegarán a cada alumno ou alumna, en períodos mensuais con carácter irrevogable, unha bolsa por importe mínimo de 350 euros, durante os meses nos que se realice actividade formativa e profesionalizadora nas empresas.
- b. Os alumnos e as alumnas participantes no proxecto de formación obxecto deste convenio serán incorporados ao réxime xeral da Seguridade Social, nos termos e nas condicións establecidos no Real decreto 1493/2011, de 24 de outubro. A conseguinte afiliación e/ou alta, así como a baixa no devandito réxime, produciranse a partir da data de inicio e na de cesamento do programa de formación, nos termos, nos prazos e cos efectos establecidos no regulamento xeral sobre inscrición de empresas e afiliación, altas, baixas e variacións de datos de traballadores na Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 84/1996, do 26 de xaneiro.
- c. Para a efectividade do réxime de bolsas, as empresas colaboradoras e as persoas bolseiras deberán cumprir sempre os requisitos establecidos na normativa que regula os proxectos de formación profesional dual e neste convenio.

Quinta. O alumnado adquirirá a formación no centro educativo, segundo a temporalización recollida no anexo deste convenio e no horario lectivo que se estableza.

Sexta. A estadía do alumnado nas empresas axustarase á temporalización recollida no anexo deste convenio. Durante o período formativo nas empresas, o horario da actividade formativa e profesionalizadora deberá desenvolverse dentro do marco temporal do horario laboral das empresas, reservándose ata un máximo de catro horas cada quincena para a recepción do alumnado no centro educativo por parte do titor ou da titora, na que se realizarán actividades de seguimento, asesoramento e apoio.

Sétima. O alumnado deste proxecto disporá dun mínimo de trinta días naturais de vacacións por curso. Para estes efectos computaranse, por unha parte, as vacacións escolares, establecidas para cada curso no correspondente calendario escolar, das que o alumnado se beneficie durante a súa estadía no centro educativo, e, por outra parte, os días restantes ata completar cando menos o mínimo establecido, que determinarán as empresas no período de estadía do alumnado na empresa.

Oitava. Consonte o artigo 30.5 do Real decreto 1592/2012, do 8 de novembro, a actividade formativa nas empresas e no centro educativo coordinarase mediante reunións mensuais de control nas que se fará seguimento do alumnado.

As empresas asinantes nomearán unha persoa como tutor ou titora do alumno ou da alumna, que será responsable do seguimento da actividade formativa, da coordinación da actividade profesionalizadora coa actividade formativa e da comunicación co centro de formación.

Así mesmo, o centro formativo designará un profesor ou profesora, ou formador ou formadora, como tutor ou titora responsable da programación e do seguimento da formación, así como da coordinación da avaliación co profesorado e/ou os titores e as titoras que interveñen. Ademais, esta persoa será a interlocutora coas empresas para o desenvolvemento do proxecto.

Novena. Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, que se reunirá cando o considere oportuno calquera das partes asinantes. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

En representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria:

- A persoa titular da Subdirección Xeral de Formación Profesional ou persoa na que delegue.
- A persoa titular da dirección do centro IES de Valga.
- O profesor tutor ou profesora titora do centro educativo.

Unha persoa representante de cada empresa asinante.

Un funcionario ou unha funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria actuarán como secretario ou secretaria.

Décima. O convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata a finalización do proxecto.

Décimo primeira. Este convenio extinguirase por finalización do tempo convindo e poderase resolver por calquera das partes, mediante denuncia dalgunha delas, que se lle deberá comunicar á outra cunha antelación mínima de quince días, baseada nalgunha das seguintes causas:

- a. Cesamento das actividades do centro docente ou das empresas.
- b. Forza maior que imposibilite o desenvolvemento das actividades programadas.
- c. Incumprimento das cláusulas establecidas neste convenio.
- d. Mutuo acordo entre o centro docente e as empresas.

Décimo segunda. A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso dos interesados á Administración para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira. Este convenio de colaboración posúe carácter administrativo por razón do contido e das materias sobre as que versa, as cales, ao abeiro do disposto no artigo 6 do Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, o exclúen do seu ámbito de aplicación, sen prexuízo da aplicación dos principios desta para resolver as lagoas ou dúbidas que a súa aplicación suscite.

Dada a natureza administrativa deste instrumento xurídico, as controversias ou cuestións litixiosas que xurdiren na súa aplicación e non puideren ser solucionadas no seo da comisión de seguimento serán resoltas pola xurisdición contencioso-administrativa.

De conformidade co disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento que desenvolve a citada lei orgánica, nin o alumnado nin a empresa que por razón das actividades formativas teñan acceso a datos de carácter persoal disporán destes con finalidade distinta á esixida polas accións formativas.

Lido o presente convenio, atópano conforme e asínano no lugar e na data indicados.

**O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

**O representante da empresa Exlabesa
building systems, S.A.U.**

Asdo.: Román Rodríguez González

Asdo.: _____



**XUNTA
DE GALICIA**

**O representante da empresa Gama e
Hijos, S.L.**

Asdo.: _____

**O representante da empresa Sistemas
Técnicos del Accesorio y Componentes,
S.L.**

Asdo.: _____

**O representante da empresa Talleres ODL
de Carpintería Metálica, S.L.**

Asdo.: _____

**O representante da empresa MAIMBAR
XXI, S.L.**

Asdo.: _____

**O representante da empresa
FUNDIVISA, S.A.**

Asdo.: _____

**O representante da empresa TUNE
EUREKA, S.A.**

Asdo.: _____

**A representante da empresa Curvados
ANROS, S.L.**

Asdo.: _____

**O representante da empresa ALFOGAR,
S.L.**

Asdo.: _____

1. ANEXO

1.1 Distribución de postos de formación por empresa

Empresa	Nº de prazas
Alfogar, S.L	2
Exlabesa building systems, S.A.U.	2
Curvados Anros, S.L.	1
Fundivisa, S.A.	1
Gama e Hijos, S.L.	1
Maimbar XXI, S.L.	2
Sistemas Técnicos de Accesorio y Componentes, S.L	2
Talleres ODL de Carpintería Metálica, S.L.	1
Tune Eureka, S.A.	1
Total	13

1.2 Distribución da formación curricular do ciclo formativo

Duración do proxecto			Curso 2018-2019	Curso 2019-2020	FCT
Formación curricular	Centro educativo	Formación no centro educativo (58 %)	682 h	471 h	-
	Empresa	Formación na empresa (42 %)	278 h	159 h	410 h
Total			2.000 h		

FCT: formación en centros de trabajo.

Código	Módulo	Horas totais módulo	FCE	FEM
MP006	Metroloxía e ensaios	123	90	33
MP0094	Soldadura en atmosfera protexida	261	201	60
MP0095	Montaxe	193	140	53
MP0097	Empresa e iniciativa emprendedora	53	40	13
TOTAL		630	471	159

1.4 Adquisición, por parte do alumnado, de cualificacións e unidades de competencia

Cualificacións profesionais completas

▪ Soldadura FME035_2 (Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC0098_2: Realizar soldaduras e proxeccións térmicas por oxigás.
– UC0099_2: Realizar soldaduras con arco eléctrico con eléctrodo revestido.
– UC0100_2: Realizar soldaduras con arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible (TIG).
– UC0101_2: Realizar soldaduras con arco baixo gas protector con eléctrodo consumible (MIG, MAG) e proxeccións térmicas con arco.
▪ Caldeiraría, carpintaría e montaxe de construcións metálicas FME350_2 (Real decreto 1699/2007, do 14 de decembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC1139_2: Trazar e cortar chapas e perfís.
– UC1140_2: Mecnizar e conformar chapas e perfís.
– UC1141_2: Montar e instalar elementos e estruturas de construcións e carpintaría metálica.
▪ Fabricación e montaxe de instalacións de tubaxe industrial FME351_2 (Real decreto 1699/2007, do 14 de decembro), que abrangue as seguintes unidades de competencia:
– UC1142_2: Trazar e mecanizar tubaxes.
– UC1143_2: Conformar e armar tubaxes.
– UC1144_2: Montar instalacións de tubaxe.